

## COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE CON OBRAS (I)

### SOLICITANTE:

Nome e apelidos ou razón social \_\_\_\_\_  
NIF/NIE \_\_\_\_\_ Enderezo: rúa, lugar \_\_\_\_\_  
CP: \_\_\_\_\_ Concello \_\_\_\_\_ Tlf. Móbil: \_\_\_\_\_  
Tlf./Fax: \_\_\_\_\_

### REPRESENTANTE (CANDO PROCEDA):

Nome e apelidos ou razón social \_\_\_\_\_  
NIF/NIE \_\_\_\_\_ Enderezo: rúa, lugar \_\_\_\_\_  
CP: \_\_\_\_\_ Concello \_\_\_\_\_ Tlf. Móbil: \_\_\_\_\_  
Tlf./Fax: \_\_\_\_\_

**COMUNICA** que ten intención de levar a cabo a seguinte actividade de \_\_\_\_\_ no local/inmable situado na rúa/lugar \_\_\_\_\_, con referencia catastral \_\_\_\_\_.

### DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR EN TÓDOLOS CASOS:

- Fotocopia do NIF/NIE do/a solicitante e, no seu caso, do/a representante.
- Escritura da sociedade, poder ou documento acreditativo da representación expresa para este acto (se procede).
- Documento acreditativo da propiedade ou dispoñibilidade que o solicitante ostenta sobre o local.
- Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
- Proxecto e documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación.
- Autorización ou declaración ambiental que proceda.
- Autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
- De ser o caso, certificado, acta ou informe de conformidade emitido pola ENTIDADE DE CERTIFICACIÓN DE CONFORMIDADE MUNICIPAL (ECCOM) previstas na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

### DE SER PRECEPTIVO PROXECTO :

- Proxecto técnico esixible legalmente e declaración dos/as técnicos/as facultativos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre en tódolos seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
- Solicitud de licenza de obra.

### DE NON SER PRECEPTIVO PROXECTO :

- Descrición suficiente das características das obras ou instalacións de que se trate: \_\_\_\_\_.
- Plano de situación e localización do inmable no que se solicita a obra.
- Orzamento detallado das obras que se pretenden executar, que deberá ter en conta a ordenanza fiscal en vigor, indicando o material a utilizar, características constructivas, e estéticas da solución adoptada, e variacións a introducir sobre o existente.
- Fotografías do estado actual do inmable, interiores ou exteriores, segundo proceda.

### A persoa abaixo asinante DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que é certo canto subscribe e ACHEGA todos os documentos que relaciona.
- Que se compromete a non iniciar as obras ata o transcurso de 15 días hábiles contados desde o seguinte ó da presentación desta comunicación xunto coa documentación completa, e

sempre que nese tempo non se requira a enmenda de deficiencias ou se teña notificado por esta administración a súa ineficacia.

- Que unha vez rematadas as obras/instalacións e antes da posta en funcionamento, presentará COMUNICACIÓN PREVIA PARA O INICIO DA ACTIVIDADE, á que achegará CERTIFICADO DE REMATE DA OBRA asinado por técnico competente e, no seu caso, visado colexialmente.
- Que cumprirá cos requisitos normativamente esixidos e manterá todas as medidas correctoras precisas para o correcto exercicio da actividade durante todo o período de tempo a el inherente.
- Que ao tratarse dunha actividade continuada, se acomodará ás esixencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor, previa obtención das autorizacións que, no seu caso, resulten necesarias para tal finalidade.

AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración, á comprobación telemática con outras administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver

En Salvaterra de Miño, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

*ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no artigo 26 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos". Así mesmo, "a resolución administrativa que constata as circunstancias ás cales se refire o parágrafo anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia de responsabilidades, e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses a un ano".*